USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Facultade de Ciencias da Educación**

Traballo de fin de grao

# O rol da pornificación cultural na socialización de xénero das crianzas de Educación Infantil: unha mirada dende as familias e a contorna

Autora: Sofía Pérez Serrano

Titora: Lorena Añón Loureiro

Xuño 2024

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria

# O rol da pornificación cultural na socialización de xénero das crianzas de Educación Infantil: unha mirada dende as familias e a contorna

# El papel de la pornificación cultural en la socialización de género de las crianzas de Educación Infantil: una mirada desde las familias y el entorno

# The role of cultural pornification in the gender socialization of Childhood Education upbringings: a look from families and the environment

# Resumo

A pornificación cultural considérase un fenómeno social complexo, relativamente actual e omnipresente na sociedade e na vida das crianzas. Por elo, este traballo busca analizar coas familias do 2º ciclo de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios, o seu imaxinario sobre a pornificación cultural e o rol deste fenómeno na socialización de xénero das crianzas. Para abordar dito obxectivo, realizouse unha Investigación-Acción-Participación utilizando como técnicas o grupo de discusión con 4 persoas participantes, o Fotovoz con 4 imaxes e a entrevista con 14 persoas da contorna. Así, a investigación involucrou a un total de 18 persoas e as unidades de análise foron 8 imaxes e 1 vídeo. Os resultados indican un descoñecemento xeneralizado do termo pornificación cultural entre as persoas participantes. Porén, estas perciben fenómenos asociados como a mercantilización e cousificación dos corpos. Asemade, as familias identifican os móbiles e as redes sociais coma perigosas e aluden a problemas de saúde e á reprodución de estereotipos de xénero nas crianzas derivados do fenómeno pornificador. Con todo, obsérvanse carencias na identificación de elementos propios da pornografía. En definitiva, é necesario seguir tratando este tema de forma máis exhaustiva e detallada para prever as consecuencias derivadas de devandito fenómeno.

**Palabras clave:** Educación Infantil, familias, feminismo, pornificación cultural, socialización de xénero.

# Resumen

La pornificación cultural se considera un fenómeno social complejo, relativamente actual y omnipresente en la sociedad y en la vida de los niños y de las niñas. Por ello, este trabajo busca analizar con las familias del 2º ciclo de Educación Infantil del CEIP Plurilingüe Cardenal Quiroga Palacios, su imaginario sobre la pornificación cultural y el rol de este fenómeno en la socialización de género de los pequeños y pequeñas. Para abordar dicho objetivo, se realizó una Investigación-Acción-Participación utilizando como técnicas el grupo de discusión con 4 personas participantes, el Fotovoz con 4 imágenes y la entrevista con 14 personas del entorno. Así, la investigación involucró a un total de 18 personas y las unidades de análisis fueron 8 imágenes y 1 vídeo. Los resultados indican un desconocimiento generalizado del término pornificación cultural entre las personas participantes. Sin embargo, estas perciben fenómenos asociados como la mercantilización y cosificación de los cuerpos. Las familias identifican los móviles y las redes sociales como peligrosas y aluden a problemas de salud y a la reproducción de estereotipos de género en las crianzas derivados del fenómeno pornificador. Con todo, se observan carencias en la identificación de elementos propios de la pornografía. En definitiva, es necesario seguir tratando este tema de forma más exhaustiva y detallada para prevenir las consecuencias derivadas de dicho fenómeno.

**Palabras clave:** Educación Infantil, familias, feminismo, pornificación cultural, socialización de género.

# Abstract

Cultural pornification is considered a complex social phenomenon, relatively current and omnipresent in society and in the lives of boys and girls. Therefore, this work seeks to analyze with the families of the 2nd cycle of Childhood Education of CEIP Plurilingüe Cardenal Quiroga Palacios, their imaginary about cultural pornification and the role of this phenomenon in the gender socialization of the little boys and girls. To address this objective, an Action-Participation Research was carried out using as techniques the discussion group with 4 participants, the Photovoice with 4 images and the interview with 14 people from the environment. Thus, the research involved a total of 18 people, and the units of analysis were 8 images and 1 video. The results indicate a generalized lack of knowledge of the term cultural pornification among the participants. However, they perceive associated phenomena such as the commodification and objectification of bodies. The families identify cell phones and social networks as dangerous and allude to health problems and the reproduction of gender stereotypes in upbringing derived from the pornifying phenomenon. However, there are shortcomings in the identification of pornographic elements. In short, it is necessary to continue dealing with this topic in a more exhaustive and detailed manner in order to prevent the consequences derived from this phenomenon.

**Keywords:** Childhood Education, families, feminism, cultural pornification, gender socialization.

# Índice

Introdución ... 9
1. Marco teórico ... 10
   1.1. A pornificación cultural ... 10
   1.2. A socialización das crianzas de Educación Infantil ... 12
   1.3. Efectos da pornificación na socialización das crianzas ... 14
   1.4. As familias como axentes socializadores: relación coa pornificación ... 16
   1.5. A escola como axente socializador: vinculación coa pornificación ... 17
2. Metodoloxía ... 18
   2.1. Obxectivos: xeral e específicos ... 19
   2.2. Persoas participantes e unidades de análise ... 19
   2.3. Técnicas e instrumentos ... 22
   2.4. Procedemento ... 23
   2.5. Aspectos éticos e legais ... 26
3.Resultados ... 27
   3.1. Descoñecemento do termo pornificación cultural ... 27
   3.2. Coñecemento de fenómenos vinculados á pornificación ... 27
   3.3. Normalización do contido pornificado ... 29
   3.4. Factores de risco da pornificación cultural ... 29
   3.5. Consecuencias da pornificación cultural ... 30
   3.6. Creación do laboratorio de imaxes de pornificación cultural ... 32
   3.7. O que ven e interpretan as persoas da contorna sobre a pornificación cultural ... 33
   3.8. Medidas de prevención ... 35
   3.9. Transferencia e difusión do coñecemento da pornificación ... 37
4. Discusión ... 38
5. Conclusións ... 40
Referencias bibliográficas ... 43
Anexos ... 49
   Anexo I. Imaxe 1 mostrada no grupo de discusión ... 49
   Anexo II. Imaxe 2 mostrada no grupo de discusión ... 49
   Anexo III. Imaxe 3 mostrada no grupo de discusión ... 49

Anexo IV. Imaxe 4 mostrada no grupo de discusión ........ 50
Anexo V. Aviso enviado pola dirección do centro ás familias do CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios ........ 50
Anexo VI. Consentimento informado ........ 51
Anexo VII. Documento creado para o laboratorio de imaxes ........ 55
Anexo VIII. Fichas entregadas polas familias participantes relativas ao laboratorio de imaxes ........ 57
Anexo IX. Autorización do Comité de Ética da USC ........ 59
Anexo X. Compromiso de confidencialidade e información sobre medidas de seguridade 60
Anexo XI. Consentimento explícito ........ 62
Anexo XII. Cartel informativo do ciclo divulgativo ........ 65

# Índice de táboas

**Táboa 1.** *Criterios de inclusión das persoas participantes*......20

**Táboa 2**. *Perfil das persoas participantes* ......20

**Táboa 3.** *Criterios de inclusión das persoas da contorna*......21

**Táboa 4.** *Perfil das persoas da contorna*......21

**Táboa 5**. *Criterios de inclusión das unidades de análise para o grupo de discusión*......22

**Táboa 6**. *Fases, técnicas e temporalización da IAP*......23

**Táboa 7.** *Categorización dos resultados obtidos do grupo de discusión e do laboratorio de imaxes*......25

# Índice de figuras

**Figura 1.** *Imaxe seleccionada por P1*......32

**Figura 2.** *Imaxe seleccionada por P2*......32

**Figura 3.** *Imaxe seleccionada por P3*......32

**Figura 4.** *Imaxe seleccionada por P4*......32

# Índice de abreviaturas

CDMIX. Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero

EI. Educación Infantil

IAP. Investigación-Acción-Participación

MIIM. Ministerio de Igualdade e Instituto da Muller

TFG. Traballo de Fin de Grao

# Introdución

A pornificación cultural considérase un fenómeno social, complexo e omnipresente na sociedade contemporánea. Neste contexto, o considerado pornográfico intégrase na vida cotiá das persoas a través de diversidade de medios, converténdose en algo completamente normalizado, naturalizado, invisibilizado e aceptado. Tal é así que, as crianzas, non están exentas da influencia deste fenómeno, o cal afecta na súa socialización (Rois, 2024).

Por tanto, ao ser un fenómeno relativamente actual, que impacta na socialización das crianzas de infantil, considérase pertinente levar a cabo unha Investigación-Acción-Participación (IAP) co fin de dar resposta ao seguinte obxectivo: Analizar coas familias do 2º ciclo de Educación Infantil (EI) do CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios, o seu imaxinario sobre a pornificación  cultural e o rol deste fenómeno na socialización de xénero das crianzas. Para tal fin, usáronse coma técnicas o grupo de discusión, o Fotovoz, a entrevista e a análise de contido.

Asemade, a investigación contribúe ao desenvolvemento de competencias en investigación e análise crítica, comunicación, colaboración e traballo en equipo, así coma da competencia socio-educativa. Desta maneira, fortalécese o coñecemento e a conciencia sobre a pornificación cultural e as súas consecuencias. Ademais, lévanse a cabo accións que axudan ás familias a identificar e abordar o fenómeno pornificador na súa contorna próxima e consigo, propoñer medidas de prevención.

Neste documento, preséntase en primeiro lugar un marco teórico en torno á orixe e evolución da pornificación cultural, así coma fontes principais onde se pode atopar dito fenómeno. Exponse o proceso de socialización das crianzas de infantil e os efectos da pornificación na socialización de xénero da infancia. Así mesmo, faise fincapé no papel das familias e da escola coma axentes socializadores. A continuación, descríbese a metodoloxía do traballo cos seus obxectivos; persoas participantes e unidades de análise; técnicas e instrumentos; procedemento e aspectos éticos e legais tidos en conta. Acto seguido, preséntanse os resultados extraídos do proceso de IAP que se discuten no epígrafe posterior. Finalmente, devandito Traballo de Fin de Grao (TFG) ten o seu peche co apartado das conclusións extraídas da investigación, onde, paralelamente se reflexiona sobre a contribución para a mellora das competencias profesionais, xunto coas futuras liñas de investigación, fortalezas e limitacións do traballo.

# 1. Marco teórico

## 1.1. A pornificación cultural

### 1.1.1. Orixe e evolución da pornificación cultural

Para comprender o concepto de pornificación cultural, cómpre remontarse á revolución sexual dos anos 60, vinculada ao feminismo radical. Un período no que, por primeira vez, a sexualidade e a reivindicación do poder, pasan a ser o foco da colectividade, pero tamén unha forma de quebrantar o sistema patriarcal e capitalista (Cobo, 2019; Favaro e De Miguel, 2016).

Nesta época, as feministas loitaron por desvincular a sexualidade da reprodución e a favor da lei do aborto. Denunciaron o feito de que a sexualidade estivese feita por e para varóns, resultando, "*El Informe Hite: estudio de la sexualidad femenina*" (Hite,2002), unhas das repercusións máis notables deste aspecto da revolución sexual. Tamén sacaron á luz a relación entre o sexo e a violencia e expuxeron o tema da atracción sexual entre mulleres abertamente, sendo esta unha das ideas máis revolucionarias do momento (Favaro e De Miguel, 2016).

Porén, toda esta loita viuse reducida polos trazos patriarcais que acadou a revolución sexual. Destacou a conversión das mulleres en obxectos sexuais e obxectos de consumo, vinculados ao mercado capitalista (Favaro e De Miguel, 2016) e consigo, á industria do sexo. Se ben, para comprender o funcionamento deste tipo de mercado e de industria, ao igual, que o concepto de sociedade patriarcal, hai que remitirse á pornografía, cuxa representación simbólica se atopa no control e dominio dos homes sobre as mulleres (Cobo, 2019).

Atendendo ao dito, pódese afirmar que o porno conforma un pilar primordial para a política sexual do patriarcado, na que os homes adquiren o papel dominante e de control (Cobo, 2019). Neste contexto, cómpre facer alusión á revista "*Playboy*", que máis alá de ser considerada por moitos, como a estrutura inicial, necesaria para o auxe da revolución sexual (Paglia, 2018, citado por Menéndez, 2021), contribuíu a construír un canon estético no que o principal elemento é o corpo feminino hipersexualizado. É dicir, "*Playboy*" xorde coma pornografía visible, masiva e omnipresente, asociada, á súa vez, coma unha idea progresista que vincula a imaxe da muller espida coa liberdade conquistada (Favaro e De Miguel, 2016; Menéndez, 2021).

Este feito é moi significativo, xa que nos anos 50, inclusive ata os 80, o acceso á pornografía era máis limitado e a xente avergoñábase ao comentar que a consumía (Paul,

2005). Non obstante, hoxe en día atópase integrada completamente na cultura popular. A pornografía xa non se limita ao cibersexo ou a revistas como a citada anteriormente. Esta atópase en todas partes pola internalización que Internet fixo do fenómeno pornográfico (Paul, 2005), polos "procesos de globalización, liberalización e privatización, que incluíron a privatización dos medios de comunicación e a expansión dos servizos de TIC" (Gabriel, 2017, p. 4) e pola crecente tolerancia e aceptación cara a cultura pornográfica segundo esta persoa autora. En virtude do exposto, Ballester e Orte (2019) definen a nova pornografía como accesible, sen límites e con intensa interactividade.

É así coma xorde a pornificación cultural ou "pornificación", concepto proposto por Pamela Paul no ano 2005 (Martínez-Domínguez e Hervás, 2017) co que fai referencia ao excesivo contido sexual e con connotacións sexuais estendido na sociedade, na vida cotiá e na cultura, a cal está sendo transformada por unhas industrias do sexo profundamente potentes como o é a da pornografía (Cobo, 2019). De feito, é tal a xeneralización deste fenómeno, que está a provocar que o pornográfico colonice e se naturalice en novos ámbitos da vida onde a muller é completamente obxectualizada e deshumanizada, sendo esta unha condición necesaria para converter a sexualidade e os corpos femininos en mercancías. Desta maneira, pódese dicir que a industria capitalista, colonizada polos intereses patriarcais, utiliza á muller coma un negocio, onde a hipersexualización se converte nunha realidade ineludible (Cobo 2019; Cobo, 2020).

A tal efecto, a pornificación cultural preséntase no día a día das persoas en múltiples formatos coma algo completamente natural e normal para elas, feito que as converte en vítimas de violencia simbólica, un tipo de violencia que non se percibe. As vítimas descoñecen a ilexitimidade das asimetrías implicadas na relación, a consideran necesaria e non perciben a arbitrariedade do exercicio de poder e dominación. En consecuencia, transforma as relacións de dominación e de submisión en relacións afectivas debido á interiorización dun habitus que perpetúa os efectos de dita violencia (Felipe et al., 2022; Fernández, J.M., 2005).

### 1.1.2. Fontes de pornificación cultural

En vistas de que a pornografía forma parte consubstancial da cultura popular, atópanse exemplos de pornificación cultural en diversidade de medios ós que se expoñen as crianzas (Paul, 2005). Un deles son as redes sociais, entre as que destacan Instagram ou Tik Tok,

aplicacións onde se observan fotos de mulleres de curta idade, inclusive nenas, con poses ritualizadas a partir de imaxes pornográficas (Menéndez, 2021).

De igual maneira, a pornificación impregna a industria musical. A modo de exemplo, na música pop pódense ver artistas coma Britney Spears ou Christina Aguilera emulando movementos propios de estrelas do porno tanto nos seus vídeos coma nos concertos. A este respecto, custa atopar artistas femininas que non utilicen o corpo espido, a indumentaria sensual ou a imaxe erótica nos seus espectáculos, xusto o contrario que sucede cos homes (Menéndez, 2021; Paul, 2005). O mesmo ocorre coas películas e series, onde se reitera a imaxe erotizada da muller, feito que ameaza ás menores que se ven inmersas por unha crecente sexualización do mercado. É máis, este tipo de pornografía ponse á par co entretemento familiar en plataformas coma HBO (Méndiz, 2018; Paul, 2005).

Na moda tamén se observa a reprodución da pornificación cultural, manifestándose a través de deseños e tendencias que resaltan a sexualidade, ao igual que no mundo da publicidade. Esta está impregnada de imaxes, moitas delas, referentes á infancia, que a sociedade vai integrando e normalizando (Llovet et al., 2019). É máis, aprovéitase a imaxe das nenas para comercializar produtos de todo tipo nas que estas aparecen con posturas distantes ó que lles corresponde por idade. No relativo a isto, evidénciase un grave problema dada a vulneración dos dereitos das nenas, de aí que institucións tales como a Plataforma para a Acción de Beijing-95, o Parlamento Europeo, o Consello de Europa ou o Congreso Español, estean ao tanto da problemática e reclamen a adopción de medidas para a súa eliminación (Ministerio de Igualdad e Instituto de la Mujer [MIIM], 2020).

Alén do exposto, identifícanse de xeito notorio exemplos dunha cultura pornificada no arte, no cómic, nos xogos, no teatro, na literatura e na cultura da beleza e da cirurxía estética, entre outras. Se ben, en todos os medios mencionados reprodúcese o modelo de feminidade co foco posto na sexualidade, co engadido da continua cousificación dos corpos (Cobo, 2020; Menéndez, 2021). Todo isto influído por unha cultura de consumo na que en moitos dos casos non se compren os dereitos humanos (Llovet et al., 2019).

## 1.2. A socialización das crianzas de Educación Infantil

A socialización é definida coma un "proceso mediante o cal o individuo asimila a cultura dunha sociedade ou dun grupo e se integra nun ou noutro, facéndose capaz de desempeñar unhas funcións ou uns roles" (Costa e De Juan, p.110). É dicir, a través da socialización, os suxeitos

aprenden valores, normas, roles, habilidades da súa cultura, conforman a súa identidade e adáptanse á sociedade.

Nesta liña, autores coma Berguer e Luckmann (2003) abordan nunha das súas obras a cuestión da socialización primaria e secundaria. A primeira, enténdese coma a esencial para a persoa, por ser na que se erixe o primeiro mundo do individuo, pero tamén por ser a que se incrusta na conciencia con maior resistencia. Nela, o infante internaliza contidos específicos heteroxéneos en función da sociedade na que se atope. Entre eles, destaca a linguaxe, a través da cal se transmiten esquemas coma supoñer que “os muchachitos se dividen naturalmente en valentes e cobardes” (Berguer e Luckmann, 2003, p.169).

En consonancia co indicado, na socialización primaria xoga un papel importante a estrutura social e o mundo social obxectivo no que se ve inmersa a crianza, sen posibilidade de cambio. O infante non é quen de elixir á súa familia nin ós outros significantes, o que lle leva a identificarse con eles case automaticamente. Por tanto, a criatura comeza a aceptar e a apropiarse de roles e actitudes propias dos demais, que lle servirán para conformar a súa identidade subxectivamente consistente e xustificada (Berguer e Luckmann, 2003).

Chegado este momento, o neno ou a nena xa está socializado ou socializada. Non obstante, tense que introducir noutros campos moito máis dispares. Isto coñécese coma socialización secundaria, onde o suxeito adquire un coñecemento moito máis específico de roles e vocabulario acordes á sociedade na que se atopa (Berguer e Luckmann, 2003).

Se ben, entre o desenvolvemento da socialización primaria e secundaria, xorde a socialización de xénero, proceso polo que un neno aprende en que consiste ser neno, e unha nena aprende o correspondente a ser nena. Proceso crucial con miras a comprender a construción da masculinidade, así coma para explorar a configuración da sexualidade e o desexo masculino. Por un lado, a masculinidade eríxese en oposición ao que se percibe coma feminino, establecéndoo coma inferior e, por outro lado, o desexo masculino xorde ao desvalorizar o feminino, sendo isto esencial para a construción da subxectividade e a identidade masculina (Alario, 2018; Gimeno, 2012).

En concordancia co mencionado no parágrafo anterior, autores coma Carrasco et al. (2023) e Rodríguez-Fernández (2020), confirman a etapa de EI coma vital no proceso de socialización por ser na que se conforma a identidade de xénero. Neste contexto, é no que se inicia a adquisición e a reprodución de roles e estereotipos de xénero, onde a cultura, así coma

os medios de comunicación, exercen unha influencia considerable na infancia, xa que esta é moldeada polo que a sociedade lles presenta.

A modo de exemplo, o estudo realizado por Rodríguez-Fernández (2020) evidencia que as nenas tenden a elixir profesións vinculadas coa aparencia, a ensinanza ou o coidado, coma son os traballos de mestra ou asesora de moda. Mentres, os nenos aspiran a profesións como as de bombeiro e policía, nas que o control e a protección son as protagonistas. Ademais, denótase por unha mera asignación fomentada pola cultura, o rosa coma cor para as chicas e o azul para os chicos. En canto aos xoguetes, destaca que as monecas predominan entre as nenas e o balón entre os nenos. Os roles e estereotipos coma os mencionados, manteranse ou modificaranse ao longo da vida, de aí a importancia dunha actuación o máis temperá posible. Isto responde a que, as normas de xénero que afianzan as criaturas, cos anos vólvense máis complexas de modificar (Carrasco et al., 2023; Martínez-García, 2017).

De igual xeito, investigacións como a executada por Freitez (2022) denotan o potencial da socialización de xénero en contextos como a escola, a familia ou o grupo de pares, os cales poden complementarse ou competir entre eles. En tal sentido, o estudo da persoa autora citada revela que moitas veces as familias teñen unhas expectativas de xénero en torno aos seus descendentes que non se ven satisfeitas, o que provoca que os pais, as nais, ou o entorno no que se desenvolve a criatura, teña que cambiar os seus comportamentos, actitudes, ou mesmo xeitos de pensar.

## 1.3. Efectos da pornificación na socialización das crianzas

Por unha banda, Alario (2018) sostén que vivimos nun patriarcado no que existe unha "xerarquía entre os xéneros" (p. 64), situándose o masculino por riba do feminino. Esta estrutura social comézase a interiorizar dende a infancia, onde os nenos teñen que demostrar a súa masculinidade hexemónica se queren formar parte do grupo dominante. Na súa negativa, veranse relegados ó que se identifica como nenas, perdendo, á súa vez, os privilexios asociados con pertencer ao grupo dominante. Isto, é algo que se percibe nas escolas, onde moitos dos nenos que non se axustan ao modelo predominante, son excluídos do grupo, e a miúdo, vítimas de acoso escolar.

Por outra banda, a Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero (CDMIX, 2012) no seu "*Proyecto de Informe sobre la sexualización de las niñas*" recolle moitos dos efectos desfavorables de devandito fenómeno, tendo en conta que as crianzas non están nin

emocional, nin física, nin psicoloxicamente preparadas para ela. Entre eles, atópanse o impacto negativo na autoestima, a aparición de trastornos alimenticios diversos de orixe psicolóxica, a limitación na elección das súas metas profesionais e a tendencia cara a autobxectualización. Vinculado con isto último, denótase tanto na publicidade coma en produtos en xeral, a tentativa de introducir elementos no entorno infantil que impactan na percepción dos seus corpos e intensifican a cousificación e sexualización das nenas, sen importar as cualidades da persoa (MIIM, 2020).

En relación ao sinalado, hai a tendencia de converter a estrelas adolescentes en iconas sexuais co fin de mellorar as súas oportunidades de éxito na industria. Porén, isto contribúe a consolidar a idea entre as nenas de que ser sexualmente atractivas fainas máis maiores aos ollos dos demais. Ademais, perpetúa estereotipos de beleza e a sexualización coma medida de éxito social, reducindo deste xeito, as expectativas vitais das nenas (CDMIX, 2012) .

A este respecto, vívese nunha cultura na que se incita ás criaturas a preocuparse especialmente polo seu aspecto físico (MIIM, 2020). Os medios de comunicación transmiten a mensaxe de que o valor dunha muller vincúlase coa súa capacidade para seducir e cumprir con estándares de beleza específicos. Malia vivir nunha época na que se supón que as mulleres son máis libres, a realidade é que están sometidas a un maior control. A sociedade e os medios impoñen expectativas sobre a presentación física das mulleres, suxerindo que o seu éxito, depende da conformidade con estándares físicos inalcanzables. Este fenómeno reflexa unha sutil combinación de liberdade e escravitude, marcada pola dependencia dun canon establecido maioritariamente por homes, impulsado polo consumismo capitalista e os intereses económicos da industria da estética e da moda (Vidal-Claramonte, 2002).

A título exemplificativo, existe evidencia de que a hipersexualización das nenas e das mulleres nos medios de comunicación afecta na percepción dos seus corpos, frustrándose en moitos dos casos por acadar un perfil idílico (Grande-López, 2017). En concreto, a metade das nenas que participaron no estudo, con idades comprendidas ente os 7 e os 10 anos, afirmaron que o aspecto físico é para elas o máis importante e un 39% que non se sentían ben co seu corpo. En adición, un 70% das preadolescentes participantes na investigación declararon mudar os hábitos alimenticios por non sentirse ben co seu físico; un 35% das nenas entre 11 e 21 anos revelaron sentirse presionadas por querer parecer perfectas en Internet e un 25% por tentar ter un corpo perfecto (Grande-López, 2019).

Na liña do comentado ata o momento, cabe dicir que a continua presenza de imaxes sexualizadas da infancia provoca a normalización da sexualización precoz, configurándose coma unha forma de violencia cara as nenas. Asemade, o fenómeno da pornificación cultural, considerado xa un axente educativo, promove a interiorización de roles, comportamentos, actitudes e sentimentos que reproducen o sistema patriarcal. Tamén promove vínculos humanos de baixa calidade e falta de solidariedade e empatía, aspectos que dificultan o correcto desenvolvemento integral das crianzas (CDMIX, 2012; Cobo, 2020; Llovet et al., 2019; Martínez-Domínguez e Hervás, 2017).

A modo de resumo, a continua sexualización e cousificación das mulleres, que se está a reproducir no ámbito da infancia, afectando sobre todo ás nenas, provoca efectos nocivos nas pequenas. Esta realidade débese a que se atopan nunha fase temperá de desenvolvemento emocional, á forte necesidade de aceptación e integración social e á dificultade de descodificar adecuadamente as imaxes e mensaxes ás que se expoñen de xeito incontrolado (Llovet et al., 2019).

## 1.4. As familias como axentes socializadores: relación coa pornificación

A familia ostenta un papel preeminente coma axente socializador, por ser o primeiro en actuar e por ser o nexo de unión entre a criatura e a sociedade. Grazas a dita institución, a infancia internaliza aspectos fundamentais da cultura e moldea a súa personalidade baixo a influencia do entorno no que se desenvolve (Rodríguez-Pérez, 2007).

Por conseguinte, considerando a temática do presente traballo, a familia exerce un papel crucial á hora de trasladar valores, sobre todo, as nais, que en moitas ocasións, transfiren ás súas descendentes os estereotipos de beleza que aprenderon da sociedade patriarcal, ademais de proxectar a visión cousificada que teñen delas mesmas. Non obstante, tamén existen nais cunha perspectiva menos cousificada e que reforzan valores persoais como a intelixencia, a empatía ou a igualdade (ACE Formación, 2022).

En base ao exposto, as familias son quen de previr, evitar e contrarrestar a imposición dunha sexualidade adulta a menores, debido ao seu papel mediador no uso que a infancia fai das redes sociais, dos medios de comunicación ou das formas de vestir. Non obstante, para logralo han de contar con ferramentas que lles permitan detectar as formas de cousificación e hispersexualización (ACE Formación, 2022).

A modo de síntese, pais, nais, educadores e educadoras deben procurar un ambiente sen pornificación onde se poidan cultivar vínculos humanos de calidade. Para este propósito, débese iniciar un proceso de sensibilización no que se defenda o dereito aos pais e nais a educar ás crianzas nun entorno saudable onde se respecten os valores que desexen inculcar aos seus ou súas descendentes, facendo todos os esforzos posibles para navegar nunha nube o máis limpa posible ou ao menos, exista unha conciencia que permita rectificar (Martínez-Domínguez e Hervás, 2017).

## 1.5. A escola como axente socializador: vinculación coa pornificación

A escola conforma un lugar esencial para a socialización das crianzas (Eliseo, 2022). Neste aspecto, no *Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da EI*, faise fincapé na valía de contribuír ao desenvolvemento integral das crianzas en todas as súas dimensións. Os principios pedagóxicos recalcan a práctica educativa con experiencias de aprendizaxe significativas e positivas nun entorno de afecto e confianza. Búscase potenciar a autoestima, a integración social e a creación dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos e mesmas, libre de estereotipos discriminatorios. A tal efecto, un enfoque integral da EI que contribúe a construír unha base sólida para que a infancia desenvolva unha autoimaxe positiva, resistente a estereotipos sexistas.

Porén, existe evidencia de que as crianzas de entre 8-11 anos contan con estereotipos de xénero amplamente arraigados, adheridos a roles tradicionais, debido á sobreexposición a espazos virtuais ou familiares imbuídos de estereotipos. Ante esta realidade, denótase a importancia de executar intervencións que contrarresten unha socialización estereotipada, xa que ata os 11 anos, as criaturas aínda son facilmente influenciables (Cerbara et al., 2022).

Neste contexto, as prácticas de neutralización de xénero na escola poden desempeñar un papel fundamental á hora de diminuír os estereotipos de xénero na infancia, de aí que as prácticas e políticas dirixidas a modificar a percepción de xénero na sociedade sexan esenciais para lograr e manter cambios nas actitudes e estereotipos de xénero co tempo, coma sinala a investigación de Shutts et al. (2017). En liña con estas consideracións, destácase a valía de que a escola traballe na construción dunha cultura de xénero positiva, aliñada coa prevención da violencia de xénero. Isto implica fomentar a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas,

así coma abordar de xeito decidido a desarticulación de prexuízos e estereotipos sexistas (Eliseo, 2022).

Ademais, proponse introducir nos currículos escolares programas destinados a desenvolver a capacidade das crianzas para utilizar os medios, potenciar o pensamento crítico e a selección da información, así coma comprender as técnicas de marketing. Tamén se suxire a incorporación de materias en colaboración cos pais e nais que aborden a preparación para a vida familiar con elementos de educación sexual, capacitando aos menores e ás menores para desenvolver relacións humanas saudables e respectuosas. Para dar soporte a estas iniciativas, exponse a necesidade de adecuar a formación dos mestres e mestras no ámbito da igualdade entre homes e mulleres, da detección de abusos relacionados con estes aspectos e da violencia sexual, así como na da reacción fronte a ambos (CDMIX, 2012).

# 2. Metodoloxía

Esta investigación pretende dar resposta ás seguintes preguntas: Identifican as familias de crianzas do CEIP P. Cardeal Quiroga Palacios e a súa contorna, o fenómeno da pornificación cultural? e que rol perciben as familias, con crianzas en EI, que ten o fenómeno da pornificación na socialización da infancia e que medidas propoñen para a súa abordaxe? Para contestar ás cuestións sinaladas, deséñase unha IAP.

A IAP para Ander-Egg (2003) é un procedemento sistemático, reflexivo, controlado e crítico, co que se trata de examinar algún aspecto da realidade a través de aplicacións prácticas. Asemade, dito autor, define a IAP coma un proceso no que a investigación se realiza a modo de intervención, dado que o seu obxectivo é dirixirse cara a acción. Do mesmo modo, por ser participativa, implica unha actividade na que forman parte tanto as persoas investigadoras coma as persoas destinatarias do programa. Neste caso, son as familias as protagonistas e axentes activos, críticos e transformadores da realidade na que se ven inmersos durante todo o ciclo da investigación (Ander-Egg, 2003).

Por ende, a IAP configúrase coma unha metodoloxía idónea, en vistas de incrementar o poder das persoas participantes, promover o cambio social, solucionar problemas e reforzar o espírito de solidariedade entre os membros dunha comunidade (Balcazar, 2003).

En articulación coa IAP, o paradigma empregado é o socio-crítico, baseado na premisa de que a realidade é froito dun contexto histórico e social que pode ser modificado pola acción humana (Ramos, 2015). En consonancia co descrito, dito paradigma considera que a

transformación e o cambio será posible si se poñen en marcha estudos nos que as persoas participantes sexan activas. Estas deben intervir e colaborar mantendo sempre unha reflexión crítica na acción, co obxecto de liberar e empoderar aos individuos dentro do contexto social investigado (Ricoy, 2006). Analogamente, a investigación crítica busca a comprensión das necesidades, dos problemas existentes e dos intereses do grupo. Todo isto, dende unha visión holística e dinámica da realidade, na que se vincula de xeito activo e comprometido á persoa investigadora coas persoas participantes (Escudero, 1987; Ricoy, 2006).

## 2.1. Obxectivos: xeral e específicos

O obxectivo xeral que se pretende acadar coa realización deste TFG, é analizar coas familias do 2º ciclo de EI do CEIP P. Cardeal Quiroga Palacios, o seu imaxinario sobre a pornificación cultural e o rol deste fenómeno na socialización de xénero das crianzas.

Con base no obxectivo xeral fixáronse os seguintes específicos:

- Interpretar o coñecemento das familias sobre a pornificación cultural.
- Explorar fenómenos que as familias vinculan á pornificación cultural.
- Analizar a opinión das familias respecto ó consumo de contido pornificado.
- Detectar as opinións das familias respecto ós factores de risco e consecuencias da pornificación cultural.
- Identificar por parte das familias, contido de pornificación cultural na contorna.
- Crear, por parte das familias participantes, un laboratorio de imaxes sobre a pornificación cultural.
- Indagar que ve e interpreta, a cidadanía entrevistada polas familias, nas imaxes que conforman o laboratorio sobre pornificación cultural.
- Identificar propostas para a prevención socio-educativa ante a pornificación.
- Difundir o fenómeno da pornificación cultural e a experiencia da presente IAP.

## 2.2. Persoas participantes e unidades de análise

Para a selección das persoas participantes nesta IAP fixáronse os criterios de inclusión que figuran na Táboa 1. Aplicados os criterios de inclusión, o número total de familias susceptibles para participar na investigación ascendía a 142, todas elas relativas ao alumnado do 2º ciclo de EI do CEIP P. Cardeal Quiroga Palacios. Colexio público situado na zona do Monte de Conxo, na parroquia de Nuestra Señora de la Merced, pertencente ao municipio de Santiago de Compostela.

**Táboa 1**

*Criterios de inclusión das persoas participantes*

| Criterio | Xustificación |
|---|---|
| **Familias do colexio CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios** | De devandito centro por estar, a persoa investigadora, a realizar nel o Prácticum II do Dobre Grao en Mestra de Educación Infantil e Mestra de Educación Primaria. Neste sentido, a proximidade e familiaridade co contexto pode facilitar a participación e colaboración destas no estudo. |
| **Familias con crianzas no 2º ciclo de EI** | 2-6 anos pola importancia da socialización de xénero nesta etapa do desenvolvemento (Carrasco et al., 2023). |
| **Participación voluntaria na investigación** | Co fin de promover un entorno de confianza e fomentar un compromiso consciente por parte das familias na IAP. |

Finalmente, participaron na IAP un total de 4 persoas en representación das familias, cuxo perfil se pode ver na Táboa 2.

**Táboa 2**

*Perfil das persoas participantes*

| Identificador | Parentesco | Xénero | Idade |
|---|---|---|---|
| **P1** | Pai | Masculino | 30 |
| **P2** | Nai | Feminino | 43 |
| **P3** | Avoa | Feminino | 64 |
| **P4** | Avoa | Feminino | 69 |

*Nota*. Optouse por usar un formato no que se asigna ás persoas participantes as etiquetas P1, P2, P3 e P4, ordenadas de menor a maior idade.

Os datos recollidos na Táboa 2 indican que o 25% das persoas participantes son do xénero masculino, mentres o 75% corresponde ó xénero feminino. No concerninte á distribución por idades, observouse un rango bastante amplo, abarcando dende os 30 ata os 69 anos, situándose a media nos 51,5 anos. Finalmente, polo que se refire á relación de parentesco co alumnado de infantil, denótase que a metade de participantes foron pais (1) e nais (1), mentres que a outra metade foron avoas (2).

Na fase de acción correspondente á creación dun laboratorio de imaxes por parte das persoas participantes, participaron un total de 14 persoas da contorna destas, as cales cumpriron os criterios de inclusión expostos na Táboa 3.

**Táboa 3**

*Criterios de inclusión das persoas da contorna*

| Criterio | Xustificación |
|---|---|
| **Persoas do contexto próximo ás persoas representantes das familias participantes** | Para facilitar a recollida da información, así coma coñecer a percepción sobre o fenómeno obxecto de estudo de persoas próximas ás familias. |
| **Participación voluntaria no laboratorio de imaxes** | Co fin de colaborar de xeito activo e consciente na IAP. |

O perfil de ditas persoas participantes no laboratorio pódese observar na Táboa 4.

**Táboa 4**

*Perfil das persoas da contorna*

| Identificador | Xénero | Idade |
|---|---|---|
| **P1.1** | Feminino | 48 |
| **P1.2** | Feminino | 31 |
| **P1.3** | Feminino | 25 |
| **P2.1.** | Feminino | 23 |
| **P2.2** | Feminino | 48 |
| **P2.3** | Feminino | 50 |
| **P3.1** | Feminino | 34 |
| **P3.2** | Feminino | 51 |
| **P3.3** | Masculino | 25 |
| **P3.4** | Feminino | 59 |
| **P4.1** | Masculino | 35 |
| **P4.2** | Feminino | 49 |
| **P4.3** | Masculino | 32 |
| **P4.4** | Masculino | 22 |

*Nota.* O identificador segue a orde na que se presentaron as narrativas no documento creado pola persoa investigadora.

O 71,43% das persoas participantes no laboratorio pertencen ao xénero feminino e o 28,57% ao xénero masculino, e no que respecta á idade, a media está nos 38 anos.

Os criterios de inclusión fixados para as unidades de análise do grupo de discusión figuran na Táboa 5.

**Táboa 5**

*Criterios de inclusión das unidades de análise para o grupo de discusión*

| Criterio | Xustificación |
|---|---|
| **Dúas imaxes con elementos do imaxinario pornográfico presentes en manifestacións culturais non consideradas pornográficas** | Para poder analizar, xunto coas familias, a presenza do fenómeno pornificador en ámbitos comúns non pornográficos coma acontece na publicidade. |
| **Dúas imaxes relacionadas coa cousificación e os estereotipos das crianzas** | Con miras a analizar factores asociados ao fenómeno da pornificación cultural, concretamente, á percepción dos corpos e á reprodución de estereotipos nas crianzas. |
| **Un vídeo presente en redes sociais vinculado ao fenómeno da pornificación cultural** | De cara a analizar a influencia das redes sociais en relación ao fenómeno pornificador. |

De acordo cos criterios establecidos, a persoa investigadora seleccionou 4 imaxes (ver Anexos 1, 2, 3 e 4) e 1 vídeo (https://acortar.link/Y4ZRT5).

## 2.3. Técnicas e instrumentos

Para dar resposta aos obxectivos establecidos, empréganse coma técnicas o grupo de discusión, o Fotovoz, a entrevista e a análise de contido.

O grupo de discusión é unha estratexia que facilita o debate aberto e democrático das cuestións formuladas. Así mesmo, permite que as persoas escoiten e tomen conciencia da diversidade de opinións presentes no grupo, promovendo deste xeito o respecto cara as ideas do resto de persoas participantes (Rodríguez-Castro et al., 2021). Atendendo ao dito, esta técnica foi útil para recoller o imaxinario das persoas representantes das familias participantes respecto ao rol da pornificación cultural na socialización de xénero das crianzas, a partir de diversas imaxes que foron debatidas entre as persoas participantes. Tamén foi apropiada para recoller as propostas das familias.

O Fotovoz considérase unha "ferramenta participativa capaz de plasmar unha realidade comunitaria a través da fotografía e a actuación directa da comunidade" (Sanz et al., 2018, p.42). En base ao exposto, dita técnica utilizouse para expresar, por parte das persoas participantes, o seu coñecemento e reflexións respecto ao fenómeno da pornificación cultural, así coma compartir dita problemática coa comunidade.

A entrevista, permite comprender un fenómeno cultural dende o punto de vista dos entrevistados e das entrevistadas, enfocándose nas súas experiencias e atribuíndolles significado (González-Vega et al., 2022). A técnica mencionada foi aplicada polas persoas representantes das familias participantes con miras a achegarse ao que as persoas da súa contorna vían e interpretaban nas imaxes presentadas, relativas ao laboratorio de imaxes (ver Figura 5, 6, 7 e 8). En adición, recorreuse á técnica de análise de contido, definida por Espín coma unha "técnica que se caracteriza por dar sentido á información, analizándoa e interpretándoa" (p.96). Esta empregouse para analizar o contido do grupo de discusión, así coma das fichas cubertas polas persoas participantes e persoas da contorna.

## 2.4. Procedemento

Na Táboa 6 indícase a temporalización, fases e actividades no marco da IAP.

**Táboa 6**

*Fases, técnicas e temporalización da IAP*

| Fases | Técnica/Medio | Temporalización |
|---|---|---|
| **1.Detección do coñecemento das familias sobre a pornificación cultural** | Grupo de discusión e análise de contido | 2ª semana de marzo (7/03/2024) |

| | | |
|---|---|---|
| **2.Establecer propostas para a prevención socio-educativa ante a pornificación cultural** | Grupo de discusión e análise de contido | 2ª semana de marzo (7/03/2024) |
| **3.Deseño e planificación dunha proposta de acción: laboratorio de imaxes sobre pornificación cultural** | Diálogo | 3ª e 4ª semana de marzo |
| **4. Acción de aplicación das imaxes na contorna** | Fotovoz, entrevista e análise de contido | 5ª semana de marzo e 1ª semana de abril |
| **5.Difusión e transferencia da experiencia en Lugo** | Ciclo divulgativo | 4/4/2024 |

Para comezar o proceso de IAP, contactouse coas familias do 2º ciclo de EI a través da dirección do centro, responsable de enviar unha mensaxe por ABALAR (Anexo V), na que se informaba da realización dunha xuntanza de hora e media na biblioteca do colexio, para participar nunha IAP sobre a pornificación cultural e o rol deste fenómeno na socialización das crianzas. A xuntanza tivo lugar o 7 de marzo de 2024. Nela, tal e coma se indica na Táboa 6, levouse a cabo a detección do coñecemento das familias sobre a pornificación cultural e o rol deste fenómeno na socialización de xénero das crianzas. Asemade, as persoas participantes estableceron propostas para a prevención socio-educativa ante o fenómeno obxecto de estudo. As conversas mantidas durante o grupo de discusión foron rexistradas cunha gravadora para a súa posterior análise, previo consentimento informado das persoas participantes (ver Anexo VI).

Das propostas de prevención, derivou a planificación das propostas de acción. Concretamente, as familias levaron a cabo un laboratorio de imaxes coas persoas da súa contorna. Este tivo coma obxectivo indagar que ve e interpreta, a cidadanía entrevistada polas familias, nas imaxes que conforman o laboratorio sobre a pornificación cultural. Para tal fin, aplicaron a técnica do Fotovoz. Ademais, a persoa investigadora creou un documento guía (Anexo VII), con base nas achegas das familias participantes para recoller as imaxes, a xustificación da súa elección, a percepción das persoas da contorna e unha reflexión persoal

final. Este documento, unha vez completado polas familias representantes e persoas da súa contorna, foi entregado en man, no colexio, á persoa investigadora para proceder á súa análise (ver Anexo VIII).

Finalmente, a última fase da IAP tivo lugar o día 4 de abril de 2024, correspondente coa participación da persoa investigadora nun ciclo divulgativo enfocado en contidos académicos transversais con miras a difundir o fenómeno da pornificación cultural e a experiencia da presente IAP en Lugo.

Para analizar os resultados obtidos, realizouse unha transcrición literal do grupo de discusión seudonimizando os resultados. Posteriormente, utilizouse o programa Nvivo 14 para realizar unha análise máis exhaustiva. Este programa facilitou a organización dos resultados, así como a identificación das principais categorías dedutivas e subcategorías indutivas a observar na Táboa 7.

**Táboa 7**

*Categorización dos resultados obtidos do grupo de discusión e do laboratorio de imaxes*

| Categorías (dedutivas) | Subcategorías (indutivas) |
|---|---|
| **1.Descoñecemento do termo e fenómeno da pornificación cultural** | |
| **2.Coñecemento de fenómenos vinculados á pornificación** | 2.1. Figura prototípica<br>2.2. Sexualización da infancia<br>2.3. Comercialización do corpo<br>2.4. Vestimenta propia de persoas adultas<br>2.5. Normalización no consumo<br>2.6. Diferenciación no xénero |
| **3. Normalización do contido pornificado** | |
| **4. Factores de risco da pornificación cultural** | 4.1. Móbiles e redes sociais |
| **5. Consecuencias da pornificación cultural** | 5.1. Aprendizaxe por imitación<br>5.2. A dominación do home |

| | |
|---|---|
| | 5.3. Problemas de saúde<br>5.4. Vulnerabilidade<br>5.5. Reprodución de estereotipos |
| **6. Medidas de prevención** | 6.1. Conciliación real<br>6.2.Dialogar sobre a sexualidade<br>6.3. Control parental das pantallas<br>6.4.Maior concienciación sobre o fenómeno da pornificación<br>6.5. Importancia de visibilizar<br>6.6. Educación de calidade<br>6.7. Mudar o formato dos anuncios<br>5.8. Creación de leis |

*Nota*. As categorías 1, 2 e 3 refírense tanto ás persoas participantes que representan ás familias das crianzas de EI como ás persoas da contorna que estas entrevistaron.

## 2.5. Aspectos éticos e legais

Toda a información recompilada na presente IAP, foi tratada e xestionada de acordo co *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se derroga la Directiva 95/46/CE* e á *Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

De igual modo, cabe indicar que, o estudo realizado foi aprobado polo Comité de Ética da Facultade de Ciencias da Educación o 18 de xaneiro de 2024 (ver Anexo IX). Asemade, dando cumprimento á normativa estipulada, elaboráronse e aplicáronse o compromiso de confidencialidade e información sobre medidas de seguridade a observar polo alumnado (Anexo X) e o consentimento explícito para a recollida de datos persoais, onde se informa ás familias do propósito da investigación e da lexitimidade do tratamento de datos baseada no seu consentimento, así coma do coñecemento dunha serie de termos que se poden ver no Anexo XI. Tamén se elaborou e aplicou o consentimento informado, amosado xa no Anexo VI. Alén disto, é de resaltar que os datos recollidos foron seudonimizados a través da aplicación

de códigos alfanuméricos para asociar a información a cada participante. O modelo a seguir foi: número de participante (Exemplo: P1).

En adición, dita IAP cumpre con todos os mandatos legais relativos ás referencias bibliográficas ás que se recorreu para a execución do traballo, citando de xeito correcto a súa autoría de acordo coa normativa American Psychological Association (2019).

# 3.Resultados

Os resultados adxacentes ao proceso da IAP coas familias do Quiroga Palacios e a súa contorna organizáronse en base aos obxectivos do estudo, considerando a categorización dos achados (ver Táboa 7).

## 3.1. Descoñecemento do termo pornificación cultural

Tras realizar o grupo de discusión coas 4 persoas representantes das familias participantes e dialogar en base ás imaxes seleccionadas pola persoa investigadora, rexistrouse que todas elas descoñecen por completo o termo pornificación cultural. Ante a pregunta formulada pola persoa investigadora no grupo de discusión, "Escoitarades falar da pornificación cultural ou sabedes o que é?", a resposta foi un rotundo: "Noo" (P2). Por tanto, este descubrimento revela a falta de coñecemento do termo, feito que se pode atribuír a que é unha expresión relativamente actual, que require dunha maior difusión e comprensión na sociedade.

## 3.2. Coñecemento de fenómenos vinculados á pornificación

### 3.2.1.Figura prototípica

A IAP executada revela que, para todas as familias participantes no grupo de discusión, as crianzas das imaxes observadas (Anexo I, II, III e IV) seguen o mesmo patrón e o mesmo canon de beleza: "Todos guapos e delgados" (P2). Estes achados reflexan a conciencia das persoas participantes de que nas fotografías predominan figuras prototípicas da infancia, o que vén a derivar duns estándares culturais e sociais predominantes na sociedade contemporánea, na que o patriarcado desempeña un rol central. Este establece unhas expectativas nas que se exclúe a diversidade, perpetúase a discriminación e promóvese a homoxeneización dos corpos, porque así o demandan as persoas: "A xente o que quere é ter iso" (P2).

### 3.2.2. Sexualización da infancia

No grupo de discusión, todas as persoas participantes perciben a sexualización das crianzas nas imaxes e no vídeo analizados, así coma o rol que xoga a publicidade: "É moi preocupante coma a publicidade chega a sexualizar aos nenos" (P1). Estes resultados resaltan como as familias recoñecen o rol da publicidade e dos medios de comunicación de cara a perpetuar dita práctica, ademais de sexualizar ás crianzas dende idades temperás. Este fenómeno pode interpretarse coma unha manifestación das dinámicas de poder e dominación presentes na sociedade, onde a publicidade se utiliza para perpetuar normas de xénero patriarcais.

Asemade, a totalidade das familias identifican posturas sexualizadas en dúas das imaxes seleccionadas pola persoa investigadora (Anexo I e II). Consideran que a nena das imaxes semella "provocativa, atrevida, para ser unha nena en postura" (P4). Neste senso, as narrativas das persoas fan alusión a un dos elementos claros da pornificación cultural, propio da industria pornográfica: a postura. En concreto, posturas provocativas e sensuais, que imitan poses e xestos, perceptibles na pornografía, introducidas á súa vez na publicidade de roupa infantil, entre outros exemplos. Así, a sexualización da infancia e das posturas reflicte unha manifestación onde os corpos infantís se utilizan para satisfacer as demandas dun mercado consumista tal e como se reflexa no seguinte apartado.

### 3.2.3. Comercialización do corpo

Atendendo ao dito, todas as persoas participantes consideran que se utiliza o corpo dunha muller prototipo e sexualizada coma estratexia de venta: "Ao mellor non che acorda a colonia, pero dis -a que sale esa chica na marca bicándose cun home- e xa a identificas claramente. Son estratexias para vender" (P3). Isto mostra como as persoas participantes detectan a mercantilización e cousificación dos corpos, o que se percibe coma unha estratexia dos sistemas patriarcais e capitalistas, nos que persiste a dominación do home sobre a muller.

### 3.2.4. Vestimenta propia de persoas adultas

A totalidade das persoas participantes no grupo de discusión identifican a vestimenta coma elemento adultizador da infancia: "A un bebé xa non se lle pon coma un bebe. Xa os vestimos coma se fosen adultos" (P3). Neste contexto, evidénciase entre as familias unha tendencia a vestir ás crianzas con roupa propia de xente adulta, feito que atribúen á propia industria, a cal incita a comprar este tipo de roupa e non outra. Proba do sinalado atópase coa declaración de P2: "(...) a roupa que teñen a vender, incita totalmente. Ti agora vas a unha tenda de roupa, e nos nenos non se nota tanto, pero nas nenas si. Os tops cortísimos". A tal efecto, apréciase

no verbatim unha clara marca de xénero que afecta en maior medida ás nenas. Asemade, os resultados obtidos denotan unha conexión entre a industria da moda e o consumismo, utilizados para perpetuar a desigualdade de xénero a comentar no seguinte punto.

### 3.2.5. Diferenciación de xénero

Tras a análise dos verbatims do grupo de discusión, percíbese que a totalidade das familias participantes no grupo de discusión teñen a percepción de que hai sitios e produtos dirixidos ao xénero feminino e outros ao xénero masculino. O exposto queda claro ao observar a imaxe correspondendente ao Anexo III, a raíz da cal declaran "que Princelandia solo é para nenas. Non están os nenos aí metidos" (P3). Esta realidade tamén se fai evidente co verbatim de P2 relativo a cando se vai mercar roupa: "Ou che sacan azul ou che sacan o rosa". Estas narrativas revelan entre as familias participantes que hai unhas estruturas sociais moi marcadas que sustentan e reproducen a desigualdade de xénero.

## 3.3. Normalización do contido pornificado

Obsérvase que as 4 familias participantes na presente IAP perciben que se normaliza o consumo de imaxes referentes á pornificación cultural: "Tampouco é que me resalte demasiado a atención. Estamos tan acostumados a velo" (P1). Así, os resultados obtidos indican que as familias están familiarizadas con imaxes de contido sexualizado, sendo esta unha característica da violencia simbólica. Este achado pódese atribuír á interiorización por parte destas persoas, dunhas estruturas mentais e un habitus que normalizan dito contido, repleto de trazos propios da industria pornográfica.

Porén, non todas as persoas participantes normalizan a pornificación cultural. A este respecto, á persoa identificado coma P1 non lle pasa desapercibida a imaxe do Anexo II, declarando o seguinte: "Si que me chama a atención". Esta atención selectiva, pode denotar que determinadas imaxes, especialmente, aquelas máis explícitas nas que aparecen as nenas sen roupa, suxiren unha maior sensibilización.

## 3.4. Factores de risco da pornificación cultural

### 3.4.1. Móbiles e redes sociais

As persoas participantes no grupo de discusión identifican o uso dos móbiles e das redes sociais sen supervisión coma un perigo para o acceso e consumo de contido relativo á pornificación cultural. Ademais, sinalan que se vive nunha sociedade dominada polas

tecnoloxías, cos seus consecuentes riscos. A persoa identificada coma P1 no seu verbatim indica que "deixarlles os móbiles nas súas mans sen supervisión é un auténtico perigo" (P1), dado que consideran que se expoñen a contidos pouco apropiados, definidos coma "trapallada" (P1) que logo tenden a reproducir. De igual modo, nas narrativas das persoas participantes declárase vivir nunha sociedade dominada polos "móbiles" (P3) e polas "redes sociais"(P3). O exposto reflexa a preocupación das familias pola ausencia de límites no uso destes dispositivos e o impacto da tecnoloxía na socialización das crianzas.

## 3.5. Consecuencias da pornificación cultural

### 3.5.1. Aprendizaxe por imitación

A metade das persoas participantes (P1 e P4) fan alusión á aprendizaxe por imitación: "Ao final ven cousas que (...) despois copian" (P1) que repercute na reprodución, por parte das crianzas, de formas de vestir, posturas e comportamentos sexualizados.

O comentado indica, de acordo coas familias participantes, que a infancia incorpora nas súas estruturas mentais e replica o que observa no seu entorno próximo, inclusive aquilo vinculado coa pornificación cultural dado que é algo que ten completamente naturalizado, tal e como se expuxo anteriormente.

### 3.5.2. A dominación do home

Os verbatims das persoas participantes (P2 e P3) denotan que a sociedade está dominada polo home. Así o reflexa a persoa identificada coma P2: "Cada vez volvemos aos tempos de antes de que o home dominaba á muller". Dita narrativa suxire unha percepción de regresión. Malia pensar que na actualidade as mulleres son máis libres e teñen os seus dereitos, declara que en realidade "estamos máis dominadas" (P2). Este relato pon de manifesto unha clara posición de dominio do home sobre a muller baixo a aparencia de consentimento e liberdade. Así, con este achado estase a facer alusión ao patriarcado do consentimento actual. Isto é, existe unha igualdade formal, mais non se traduce nunha igualdade real.

### 3.5.3. Problemas de saúde

A maioría das persoas participantes (P1, P2 e P3) sinalaron problemas de saúde derivados do fenómeno da pornificación cultural. Estes son "problemas de trastornos de conducta alimentaria porque non entramos nese rango (...), depresión, baixa autoestima" (P2). Ditos achados sinalan os efectos negativos que a pornificación cultural pode chegar a ter na saúde mental e emocional das crianzas.

Non obstante, o comentario da persoa identificada coma P4 "(….) a depresión non existe" é significativo. O presente relato reflexa unha actitude de negación, inclusive de minimización dos problemas de saúde mental, malia declarar P2 que "(…) a depresión está moi estudada, hai moita". Do mesmo modo, o comentario sinalado destaca a relevancia de considerar como as percepcións e actitudes poden variar segundo a idade. Por exemplo, a persoa identificada coma P4, xunto con P3, concordan en que a medida que unha persoa se fai adulta "desinhíbeste. Pasas de todo. Perdes a vergonza" (P4). Isto suxire que as actitudes cara temas vinculados coa saúde mental poden cambiar co paso do tempo e coa madurez, identificando neste sentido a adolescencia coma unha etapa máis vulnerable, aspecto a comentar no seguinte apartado.

### 3.5.4. Vulnerabilidade

Realizada a análise do contido, o 75% das familias participantes (P1, P2 e P3) contemplan os medios de comunicación, os móbiles e consigo, a pornificación cultural, coma promotores dunha sociedade máis vulnerable. A este respecto, a persoa identificado coma P3 sinala: "Eu creo que predomina a xente vulnerable", feito que pode indicar unha percepción de que o fenómeno obxecto de estudo afecta de xeito desproporcionado a persoas que son máis susceptibles á súa influencia, coma é o caso dos mozos e das mozas.

Nesta liña, a persoa identificada coma P2 sinala a adolescencia coma "unha etapa moi vulnerable" a diferenza da adultez porque "tes unha madurez que non tes na adolescencia". Esta narrativa advirte como a falta de experiencia e desenvolvemento emocional durante a adolescencia, pode influír en que a mocidade sexa máis susceptible á pornificación cultural. Máis en concreto, esta percepción reflexa unha desigualdade estrutural na sociedade que fai que uns grupos sexan máis vulnerables ca outros.

Pola contra, P4 non está de acordo coa perspectiva anterior: "Pero algunhas son máis fortes. Eu é que fun unha muller en casa de homes. Tiven que espabilar". Dita narrativa reflexa unha visión de empoderamento, na que se fai fincapé na fortaleza das persoas para facer fronte ás adversidades, pero tamén alúdese a unha experiencia persoal que levou á persoa identificada coma P4 a ter esta visión da vida. Por tanto, as percepcións diverxentes percibidas poden derivar da diferencia de idade entre as familias participantes e das experiencias persoais pasadas.

### 3.5.5. Reprodución de estereotipos

A maioría das persoas participantes perciben que nas imaxes facilitadas no grupo de discusión se reproducen estereotipos de xénero. Isto denotouse ao observar a imaxe do Anexo III na que se mostra un salón de beleza "para nenas" (P3) no que todo é "moi rosa" (P2). Aquí resáltase coma os espazos e produtos dirixidos a nenas reforzan os estereotipos de xénero, coma asociar a cor rosa coa feminidade e a beleza. Alén do exposto, a persoa identificada coma P2 expón que "esas nenas queren estar guapas para ser populares. Como si para iso tivesen que pintar os beizos, as uñas (…)", unha idea que reflexa a influencia dos estereotipos nas expectativas sociais da infancia.

## 3.6. Creación do laboratorio de imaxes de pornificación cultural

As 4 persoas representantes das familias participantes, seleccionaron cada unha 1 imaxe que, segundo o seu criterio, representa a pornificación cultural, creando así un laboratorio de imaxes cun total de 4 fotografías (ver Figura 1,2,3,4).

**Figura 1**

*Imaxe seleccionada por P1*



**Figura 2**

*Imaxe seleccionada por P*




**Figura 3**

*Imaxe seleccionada por P3*



**Figura 4**

*Imaxe seleccionada por P4*



A persoa identificada coma P1 seleccionou a imaxe que se pode observar na Figura 1. Explicou a súa elección dicindo: "Considero que aparece cunha posición sexualizada. Tendo unha idade comprendida entre os 6-8 anos non debería posar así e sobre todo coa parte de enriba do bikini". Este relato reflicte a preocupación pola imposición de vestimenta propia de mulleres adultas e de posturas sexualizadas en nenas, sendo este último, un elemento claro da pornografía.

A persoa identificada coma P2, elixiu a fotografía da Figura 2 explicando que, "dende o meu punto de vista transmite estereotipos vinculados coa imaxe feminina... Estar sempre mostrando beleza absoluta para os demais. Ademais, xa vinculan a maquillaxe co xénero feminino (...) e utilizan a imaxe dunha nena prototipo para (...) para vender". É dicir, estase a subliñar a perpetuación de estereotipos de xénero e a mercantilización da imaxe feminina dende idades moi temperás. Asemade, aínda que a persoa non o identifica, cómpre visibilizar o feito da posición dos beizos, propia da pornografía.

A persoa identificada coma P3, optou pola imaxe da Figura 3 "porque vi (...) que podrían ser por el aspecto 10 años mayores (...). Se están aprovechando de la imagen de dos niñas para hacer negocio". Dende este punto de vista, evidénciase a estratexia de adultizar ás nenas e usalas con fins comerciais para obter beneficio económico.

Finalmente, a persoa identificada coma P4 seleccionou a fotografía da Figura 4 "porque también en la música y en las orquestas utilizan el cuerpo de la mujer como objeto para atraer más al público (...). Devandito relato pon de manifesto a cousificación do corpo feminino na industria do entretemento, onde se utiliza coma ferramenta para captar a atención do público.

Estas seleccións mostran un avance na identificación de pornificación cultural. Porén, as familias, salvo a persoa identificada coma P1 que si alude á postura sexualizada, seguen a identificar máis fenómenos vinculados co fenómeno pornificador coma a mercantilización ou cousificación dos corpos, que elementos propios da pornografía.

## 3.7. O que ven e interpretan as persoas da contorna sobre a pornificación cultural

Dos 14 suxeitos participantes nas entrevistas, 11 non fan alusión nos seus verbatims a aspectos propios da pornografía. Proba disto atópase nas entrevistas que se lles realizaron: "Cinco chicas bailando y cantando con chalecos espaciales" (P4.1); "Ve un anuncio de algo de

belleza" (P3.3). Os resultados obtidos desvelan que as persoas da contorna poñen o foco de atención en aspectos superficiais das imaxes, así coma en fenómenos vinculados á pornificación, coincidindo cos identificados polas persoas participantes. Estes son os seguintes.

### 3.7.1. Figura prototípica

Das 14 persoas da contorna, 3 perciben nas imaxes seleccionadas polas persoas participantes mulleres e nenas prototipo. A modo de exemplo, a persoa identificada coma P4.2 alude a "chicas normalmente guapas" en relación ao que observa na imaxe seleccionada por P4 (Figura 4).

### 3.7.2. Sexualización da infancia

A sexualización da infancia é percibida polas 3 persoas da contorna ás que a persoa identificada coma P1 lles mostrou a fotografía (Figura 1). Tal é así que a persoa identificada con P1.3 "ve unha nena posando para a cámara en lugar dunha nena que o está pasando ben xogando na area (...)".

### 3.7.3. Comercialización do corpo

Ningunha das persoas da contorna, ao observar a foto que lle ensinou a persoa representante das familias, percibiu a mercantilización que se fai dos corpos das mulleres e das nenas. Coma expresa a persoa identificada con P4, no concerninte á imaxe que seleccionou (Figura 4), "la gente en general solo ve espectáculo y no lo que pueda haber detrás". A disparidade entre a percepción das familias participantes e persoas da contorna, subliña o potencial do grupo de discusión de cara a fomentar unha mirada máis crítica. Por conseguinte, a ausencia da percepción da mercantilización dos corpos por parte das persoas da contorna pódese deber á internalización de normas patriarcais e capitalistas que normalizan a explotación do corpo feminino.

### 3.7.4. Vestimenta propia de persoas adultas

Entre as persoas da contorna, tan só unha "pensa que se está usando a imaxe do bikini, propio de adultos" (P1.3). É dicir, a persoa identificada coma P1.3 fai referencia á parte superior da roupa de baño coma un elemento propio de mulleres adultas. Estas prendas estanse a introducir cada vez máis na vida das crianzas, cando non lles corresponde por idade.

### 3.7.5. Diferenciación no xénero

Un total de 2 persoas da contorna perciben a existencia de produtos dirixidos a nenas e outros a nenos. Este achado manifístase nos verbatims destas dúas persoas, coma no seguinte: "Ve una niña haciendo un spot publicitario de maquillaje propio de niñas" (P2.3). Manifístase así, entre dúas das persoas da contorna, a diferenciación de xénero en produtos, neste caso, de maquillaxe.

### 3.7.6. Normalización no consumo

No que respecta ás persoas da contorna, ponse de manifesto que normalizan posturas sensuais e a figura dunha muller ou nena prototipo. En liña co anterior, describen as imaxes facendo alusión ao superficial, pero non ao latente. Polo tanto, a influencia da pornificación cultural, vinculada a sociedades patriarcais e capitalistas, queda oculta. Esta realidade evidénciase nas súas declaracións: "Unha nena moi mona (...)" (P1.2); "Ve a las chicas de una orquesta, que nos vienen a transmitir costumbres de la verbena gallega, chicas normalmente guapas, muy maquilladas y con trajes llamativos y bailes sensuales" (P4.3). Estes achados revelan que as persoas da contorna, participantes no laboratorio de imaxes centran a mirada na aparencia das persoas que se mostran nas fotos, sendo en todos os casos persoas guapas e atractivas. Se ben, todo isto percíbeno con completa naturalidade, coma algo integrado no día a día das persoas, o que se corresponde cun trazo característico da violencia simbólica.

## 3.8. Medidas de prevención

### 3.8.1.Medidas de conciliación reais

A IAP levada a cabo evidencia que non se lle dedica tempo de calidade aos fillos e ás fillas polas dificultades para conciliar. Así, as 4 familias recoñecen que as demandas do día a día, e a dificultade para conciliar a vida laboral e familiar impiden que isto sexa posible: "De calidade nada, porque agora co tema do móbil, extraescolares e traballo" (P2). Obsérvase neste contexto que as familias amosan unha consecuencia da vida acelerada da sociedade actual. Ante esta dificultade, propoñen melloras na conciliación familia-traballo: "Hai que favorecer a conciliación familiar. Iso o primeiro" (P2).

### 3.8.2. Dialogar sobre a sexualidade

O achado de que todas as persoas participantes consideren que se debe falar máis dende o ámbito familiar sobre a sexualidade é revelador. Todas declaran que antes o sexo era un tema tabú: "Antes non podían falar de certos temas por exemplo de sexo ou demais" (P2). Porén, coinciden en que na actualidade "Claramente" (P1) se lles debería falar sobre sexo. Este

achado reflexa entre as persoas participantes un cambio nas actitudes cara a educación sexual e unha maior apertura á hora de dialogar sobre a sexualidade coa infancia.

### 3.8.3. Control parental das pantallas

A persoa identificada coma P1 fai alusión ao "control parental das pantallas" coma unha medida de prevención ante a pornificación cultural. Con esta narrativa, a persoa identificada con P1 evidencia o incremento do uso das pantallas por parte dos máis pequenos e pequenas e o acceso a contido sexualizado e pornográfica, de aí que opte por usar ferramentas que limiten o acceso a certos contidos ou que controlen a actividade das crianzas na rede. De igual modo, obsérvase co verbatim que as familias desempeñan un rol importante á hora de supervisar dita actividade en redes.

### 3.8.4. Maior concienciación sobre o fenómeno da pornificación

A totalidade das familias participantes concordan en que se precisa maior concienciación, responsabilidade e compromiso por parte dos pais e das nais en relación á pornificación cultural. Neste sentido, denotan que hai moita "irresponsabilidade" (P3). Máis en concreto, a persoa identificada con P1 indica que "pais e nais deberían ter un pouco máis de responsabilidade afectiva coas crianzas". Por tanto, a información destacada pon de manifesto que a concienciación ante a pornificación cultural débese centrar na familias, en concreto, na figura dos pais e das nais.

### 3.8.5. Importancia de visibilizar

En consonancia coa subcategoría anterior, a metade das persoas participantes (P3 e P1) indican que se debería visibilizar máis o fenómeno da pornificación cultural polas consecuencias que trae consigo. Esta realidade manifféstase tras a realización do laboratorio de imaxes e ver as respostas das persoas: "A xente en primeiro lugar e momento non lle dan importancia á foto. Pero cando lles explico o tema, entón profundizan e parécelles unha foto con consecuencias para a infancia" (P3). Isto amosa que houbo un diálogo no que se profundizou sobre a pornificación cultural. Indica que, inicialmente as persoas poden non recoñecer ou dar importancia ao que observan nunha imaxe, mais ao ser informadas sobre o fenómeno, neste caso, da pornificación cultural, mostran unha maior comprensión das posibles implicacións negativas para as crianzas.

### 3.8.6. Educación de calidade

A metade das persoas participantes (P1 e P2) fan referencia á escola coma promotora dunha educación de calidade en vistas de que as crianzas sexan conscientes do fenómeno da pornificación cultural e das consecuencias e efectos que trae consigo: "Vai depender dos que están agora, da educación" (P2). Dende este punto de vista, recoñécese a escola coma axente socializador significativo para a infancia, non só en termos académicos, senón tamén no seu desenvolvemento social e persoal.

### 3.8.7. Mudar o formato dos anuncios

A modificación do formato dos anuncios é outra proposta de prevención significativa sinalada pola persoa identificada coma P1: "Modificar o formato dos anuncios". Esta suxerencia indica que a publicidade é unha fonte importante de pornificación cultural ao alcance da infancia e por tanto, a modificación do seu formato, coma non utilizar a imaxe sexualizada das nenas para vender, pode contribuír a reducir o impacto do fenómeno pornificador.

### 3.8.8. Creación de leis

A persoa identificada con P2, engade medidas a nivel de goberno coma proposta preventiva ante a pornificación cultural. Esta maniféstao da seguinte maneira: "Eu creo que sempre teñen que ter unha base que ten que saír de leis por parte do goberno". Neste verbatim destácase o papel do Estado e do goberno en abordar o fenómeno da pornificación cultural de cara a crear un marco legal sólido que limite o acceso de crianzas a contido relativo á pornificación cultural.

## 3.9. Transferencia e difusión do coñecemento da pornificación

No que respecta á última fase e obxectivo da IAP, que ven a ser difundir o fenómeno da pornificación cultural e a experiencia da presente IAP, a persoa investigadora participou coma poñente convidada nun ciclo divulgativo centrado na pornificación cultural, realizado pola falta de coñecemento do fenómeno pornificador e o seu interese. Devandito encontro tivo lugar no campus universitario de Lugo, o día 4 de abril de 2024. Durante o evento realizouse unha charla-coloquio onde a persoa investigadora compartiu as fotos do laboratorio de imaxes, así coma a experiencia da posta en práctica da presente IAP. O resultado foi a difusión do fenómeno da pornificación cultural e da experiencia da IAP no ciclo divulgativo. Isto, á súa vez tivo un impacto nos medios, concretamente no periódico *Nós Diario* (https://acortar.link/BVlSuT), na páxina web da USC (https://acortar.link/wrxPk0) (ver Anexo

XI) e no propio evento, involucrando ás persoas participantes e promovendo a reflexión crítica e o debate sobre o fenómeno.

# 4. Discusión

No presente apartado de discusión, interrelacionaranse os resultados obtidos da IAP realizada coa revisión teórica, a cal se presenta organizadamente con base nos obxectivos establecidos. En primeiro termo, as narrativas das persoas participantes evidencian un descoñecemento xeneralizado do termo e do fenómeno da pornificación cultural. Malia a existencia de literatura na que se advirte da crecente pornificación da cultura, evidenciando o desprezo cara as mulleres, os seus corpos e a súa sexualidade (Gallego e Ivashkina, 2023; Paul, 2005), devandito fenómeno non parece estar entendido polas persoas participantes.

Porén, conectando co segundo obxectivo, percíbese unha identificación clara, por parte das persoas participantes, de fenómenos vinculados coa pornificación cultural coma é o predominio dunha figura prototípica nas imaxes analizadas. Neste senso, un estudo realizado por Jiménez (2014) menciona dito fenómeno coma un gran problema dado que as nenas e as mulleres rematan crendo que o bo e o mellor é ese prototipo de muller. Asemade, as persoas participantes fan referencia á mercantilización e cousificación continua dos corpos, concordando con Alpízar e Trujillo (2018) en que a publicidade é un elemento que consolida a mercantilización e utiliza ás mulleres coma obxectos, co fin de extraer beneficio económico. Outro fenómeno identificado, sendo neste caso, un elemento clave da industria pornográfica, é a sexualización da infancia e das posturas das nenas. Nesta liña, as aportacións do estudo de Alario (2018) destacan estes tres últimos fenómenos, sostendo que a cousificación fai que se mercantilice ás mulleres, consideradas agora obxectos sexuais, co fin de satisfacer o pracer sexual do home. Esta persoa autora, engade que se poden observar diferentes niveis de cousificación e sexualización, dende algúns bastante fortes, na pornografía hexemónica, ata outros máis sutís no arte, na música ou na publicidade. As achegas realizadas por LLovet et al. (2019) e Narros et al. (2020) coinciden con esta premisa ó sinalar que as comunicación comerciais predispoñen ás mulleres e á infancia a ser vítimas da sexualización e cousificación.

En harmonía co terceiro obxectivo, no marco da IAP parece revelarse certa tendencia a normalizar contido pornificado. Das narrativas extraídas das persoas participantes, percíbese unha reflexión clara que sinala que xa nada lles chama a atención. Nesta dirección, Maluf e de Carvalho (2018) sosteñen que a normalización da sexualidade é evidente en

diversidade de publicación; que forma parte da sociedade contemporánea e que revela relación de poder actuais.

En consonancia co exposto, as familias participantes e a súa contorna non detectan con claridade elementos propios da industria pornográfica, posiblemente debido a que o termo é relativamente recente (Paul, 2005). Asemade, Bourdieu (2013), suxire que isto pode estar relacionado coa interiorizacion dun habitus que leva ás persoas a percibir as imaxes con contido pornificado coma algo normal e natural, converténdose así en vítimas de violencia simbólica. Este mesmo estudo, resalta que esta forma específica de coacción só pode existir coa complicidade activa de quen a sofre, aínda que esta complicidade non sexa consciente ou voluntaria. En contraste, existen estudos coma o de Narros et al. (2018) no que universitarios españois identifican e perciben a existencia de sexualización infantil en imaxes que mostran a mulleres e nenas sexualizadas. Tal é así que, os atributos considerados máis sexualizantes para os universitarios e as universitarias son os xestos, as posturas e a linguaxe que aparece nas imaxes, propias da pornografía.

Do mesmo modo, a IAP realizada destaca a visión das familias sobre as consecuencias da pornificación cultural na construción e reprodución de valores sexistas e estereotipos de xénero. As familias recoñecen a influencia negativa do fenómeno pornificador na socialización da infancia, sendo os resultados extraídos similares aos do estudo de Vidal e Nuño (2014), onde se revela que os estereotipos vinculan a beleza ao feminino e que o éxito social enténdese de forma diferente para o home e para a muller. Diversas investigacións amplían esta idea engadindo que os estereotipos e os comportamentos sexistas, aprendidos polas crianzas a partir do seu entorno máis próximo, pasan a formar parte do seu comportamento (Merma-Molina et al., 2021; Saewyc, 2017). A tal efecto, se non se actúa, poden xurdir consecuencias negativas coma recorrer á violencia ou ao suicidio e ter un maior risco a ter depresión (Merma-Molina et al., 2021; Saewyc, 2017), tal e como fan referencia algunhas das persoas participantes.

A información previa correspóndese co cuarto dos obxectivos específicos da IAP, relativo á análise das actitudes e opinións das familias respecto aos factores de risco e consecuencias do fenómeno obxecto de estudo. Entre os factores de risco, as familias fan fincapé nos móbiles e redes sociais ás que a infancia ten fácil acceso e manexa facilmente. Nelas, aparece todo tipo de contido pornificado onde se mostra a figura dunha muller prototipo, moito máis maior do que é. A exposición a este tipo de contidos inflúe no benestar

emocional e induce a moitas nenas a manifestar trastornos alimenticios (López-Muñoz, 2017; Martín-Cárdaba et al., 2022), coma sinala unha das persoas participantes. Asemade, identifícase a vulnerabilidade da infancia coma consecuencia da pornificación cultural, resultado que se amplía á etapa da preadolescencia polo uso das redes e a necesidade de parecerse aos prototipos xa mencionados anteriormente (Llovet et al., 2022).

En consonancia co oitavo obxectivo, percíbese que as familias atribúense a elas mesmas un papel fundamental na prevención da pornificación cultural. Coinciden con Martín-Delgado (2022) en que o control parental pode ser unha boa proposta de prevención. Se ben, dita persoa autora engade a prohibición de acceso ás redes en idades temperás. Asemade, concordan en que unha comunicación aberta entre a familia, na que a educación en sexualidade estea presente é vital. Seguindo estas pautas, fomentarase a igualdade e a equidade; non se acelerarán os procesos naturais das persoas; evitarase que outras influencias externas decidan sexualmente sobre as persoas e favorecerase que non se asenten ideas erróneas sobre sexualidade repletas de prexuízos e roles de xénero establecidos (Martín-Delgado, 2022).

Non obstante, o estudo de Alonso et al. (2022) outorga maior peso ao persoal dos centros escolares. Este fai alusión a accións tales como intercambios con especialistas en psicoloxía para abordar as consecuencias da hipersexualización infantil; reunións metodolóxicas sobre a clase coma vía para a promoción dunha educación sexual saudable e a proposta da materia "sexualidade na infancia" nos centros educativos. Malia o exposto, considera que o estado actual da prevención sociocultural da hipersexualización das nenas, e consigo da pornificación é insuficiente. Nesta liña, López-Muñoz (2017) atribúe un papel importante ao profesorado, responsable de formar crianzas con pensamento libre de prexuízos, tolerantes e adaptadas ao medio. Deixa claro que a etapa de infantil débese levar a cabo con actitudes acordes á súa idade. Para tal fin, propón proxectos en colaboración coas familias nos que se favorezan estes valores.

# 5. Conclusións

Tras a realización da presente IAP e análise dos resultados, conclúese que as persoas participantes descoñecían o termo de pornificación cultural. Porén, as familias foron quen de identificar fenómenos vinculados á pornificación como a sexualización da infancia, a comercialización do corpo e o uso de vestimenta propia de persoas adultas coma algo

completamente normal. Por tanto, a investigación realizada revela que o consumo de contido pornificado está normalizado entre as persoas participantes.

A través do grupo de discusión, determínase que a pornificación cultural promove a reprodución de estereotipos, así coma que inflúe na percepción dos corpos. Este fenómeno fomenta a idea dunha figura prototípica e un canon de beleza dificilmente alcanzable, derivado do que se observa na publicidade e na rede.

Do mesmo modo, a IAP pon de manifesto os factores de risco e consecuencias que as familias detectan en relación á pornificación. Entre eles destacan a aprendizaxe por imitación, o uso de móbiles e redes sociais, definidas coma perigosas, a dominación do home, problemas de saúde e a vulnerabilidade por parte da infancia. As persoas participantes tamén suxeriron propostas para a prevención socio-educativa ante a pornificación, entre as que se inclúen o control parental e o establecemento de leis por parte do goberno.

Respecto ao laboratorio de imaxes creado polas 4 familias, denotouse que, salvo unha persoa, o resto, en vez de identificar, nas imaxes que eles e elas mesmos seleccionaron, elementos claros de pornificación cultural, propios da pornografía, identificaron fenómenos asociados a esta. No concerninte ás persoas da contorna, cabe indicar que a gran maioría teñen normalizado o contido pornificado e fan descricións superficiais das imaxes sen unha mirada crítica, converténdose así en vítimas da violencia simbólica. Finalmente, a relevancia da temática e o descoñecemento desta levou a que o colectivo *"Proxéctate en galego*" convidara a presentar a IAP co seu correspondente laboratorio de imaxes e resultados obtidos, realizando un debate con base nas imaxes.

No concerninte á contribución deste traballo de investigación, de cara ao desenvolvemento das competencias profesionais, pódense destacar aquelas que fan alusión á adquisición de capacidades de elaboración e desenvolvemento da labor investigativa. Nesta liña, en consonancia co exposto no apartado *3 da Orde ECI/3854/2007, do 27 de decembro, da Memoria de Verificación do Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil*, tamén se poden relacionar aquelas competencias que fan referencia á comunicación e á análise e comprensión de información. De igual xeito, potenciouse a aprendizaxe e o traballo cooperativo a través da IAP, metodoloxía que fomenta un ambiente no que todos e todas aprenden conxuntamente. Isto non só incrementa a conciencia sobre fenómenos sociais coma o estudado, senón que a nivel persoal, axuda a mellorar as capacidades comunicativas, de colaboración e coordinación, esenciais á hora de levar a cabo unha investigación coma esta.

En consonancia co exposto, a realización desta IAP presenta numerosas fortalezas. Entre elas, o enfoque metodolóxico adoptado, permitiu implicar de forma activa ás familias e á súa contorna, e por tanto, analizar o imaxinario destas de xeito máis profundo. Ademais, a IAP, ao ser unha metodoloxía flexible, permitiu adaptar o proceso de investigación segundo avanzaba. Asemade, a IAP realizada contribuíu a visibilizar o fenómeno da pornificación cultural, a dialogar sobre os riscos e consecuencias derivados deste e ao cambio gracias á implicación das persoas protagonistas.

En canto ás  limitacións, destacouse que unha mostra reducida limita a xeneralización dos resultados. De igual modo, o feito de que as persoas seleccionaran imaxes vinculadas con fenómenos de pornificación cultural, pero non identificaran elementos propios da pornografía, suxire que se precisa dunha abordaxe moito máis profunda.

